



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 29 DE NOVEMBRO DE 2018

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e nove de novembro de dous mil dezaioito, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno municipal, presidida pola alcaldesa-presidenta D.^a Alejandra Pérez Máquez, do grupo municipal socialista, e coa asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):

D. Francisco Javier Santos Maseda
D.^a María Begoña Calviño Dorado
D. José Ramón Lorenzo Carou
D.^a Patricia María Vázquez Figueroa

Grupo municipal de Veciños de Bergondo (VB)

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (voceiro)
D.^a María del Loreto Caseiras Arroyo
D.^a Alicia María Souto Ramos

Grupo municipal do Partido Popular (PP)

D. Yago Lage Caramelo (voceiro)
D. José Angel Vieiro Amor

Concelleiros non adscritos:

D.^a Antonia María Sanjurjo Seijas
D. Juan Antonio Fariña Pedreira
D. Eloy Babío Veiga

Foron asistidos pola interventora municipal, D.^a Laura Gutiérrez Ortiz, e pola secretaria, D.^a Ana M.^a Cacharrón Castelos.

1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 25 DE OUTUBRO.
2. DAR CONTA DO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI DE MOROSIDADE -3º TRIMESTRE 2018-.
3. DAR CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI ORGÁNICA 2/2012, RESULTADO DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2018.
4. CREACIÓN DA MESA LOCAL DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO DO CONCELLO DE BERGONDO. ACORDOS QUE PROCEDAN.
5. ORZAMENTO MUNICIPAL EXERCICIO 2019. ACORDOS QUE PROCEDAN.
6. MODIFICACIÓN DA DATA DO PLENO ORDINARIO DO MES DE DECEMBRO DE 2018.
7. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLA IGUALDADE E CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO



8. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

9. ASUNTOS URXENTES.

10. ROGOS E PREGUNTAS

1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 25 DE OUTUBRO.

Os/as integrantes da Corporación recibiron o borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do 25 de outubro, a través de documento remitido por correo electrónico. De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Sra. alcaldesa pregúntalles aos/ás concelleiros/as se teñen algunha observación que formular á dita acta.

Non formulándose observacións, posta a aprobación a acta da sesión do día 25 de outubro de 2018, por unanimidade de votos a favor (trece), apróbase a referida acta.

2. DAR CONTA DO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI DE MOROSIDADE, -3º TRIMESTRE 2018-

Dáse conta aos/ás asistentes do informe sinalado neste punto da Orde do día, e que foi remitido aos Sres./as. concelleiros/as para o seu coñecemento.

O Pleno queda enterado.

3. DAR CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI ORGÁNICA 2/2012, RESULTADO DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2018.

Dáse conta aos/ás asistentes do informe sinalado neste punto da Orde do día, e que foi remitido aos Sres./as. concelleiros/as para o seu coñecemento.

O Pleno queda enterado.

4. CREACIÓN DA MESA LOCAL DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO DO CONCELLO DE BERGONDO. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente por unanimidade de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 22 de novembro de 2018, que transcrita literalmente di:

“Segundo a normativa vixente nesta materia, a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

tratamento integral da violencia de xénero, é necesario poñer en marcha diversas medidas na loita contra a violencia de xénero entre as que destaca a posta en marcha das mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero nas entidades locais de Galicia.

Estas leis recoñecen o ámbito municipal, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación, como o idóneo para o desenvolvemento de accións tendentes a garantir a igualdade entre homes e mulleres, de prevención e erradicación da violencia de xénero.

Por este motivo, considerando que a violencia contra as mulleres no é un problema que afecte o ámbito privado senón que pola contra se manifesta como o símbolo máis brutal da desigualdade entre mulleres e homes existente na nosa sociedade. É un problema público e social de primeira magnitude, xa que representa un ataque ao dereito á vida, á integridade física, á liberdade e á non discriminación, todos eles valores irrenunciáveis que proclama a nosa Constitución e o noso Estatuto.

Considerando que os poderes públicos non deben ser alleos á violencia, teñen a obriga de adoptar as medidas para facer reais e efectivos eses dereitos.

Por último, considerando que a coordinación é un factor determinante para unha mellor eficacia na prevención e detección dos casos de violencia de xénero, así como para conseguir unha mellor complementariedade dos recursos destinados a ofrecer unha intervención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero.

Por todo o exposto, propono ao Pleno do Concello de Bergondo, previo ditame da comisión informativa, a adopción do seguinte acordo ACORDO:

Primeiro. *Crear, con carácter permanente, a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a violencia de xénero do Concello de Bergondo, con carácter consultivo, e co obxecto de coordinar as actuacións en materia de prevención, detección, atención, protección e sensibilización de actos contra a violencia de xénero.*

Segundo. *A Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a violencia de xénero do Concello de Bergondo terá a seguinte composición:*

Presidencia:

A alcaldía-presidencia do Concello de Bergondo

Vogais:

Concelleiro/a con competencias no ámbito da prevención e loita contra a violencia de xénero

Un/ha representante da subdelegación do Goberno de A Coruña

Un/ha representante do centro de información ás mulleres CIM de referencia

Persoal de servizos sociais municipais desinado polo Concello

Un/ha representante da policía local

Un/ha representante das forzas e corpos de seguridade (Garda Civil)

Un/ha representante de cada un dos centros educativos municipais

Un/ha representante dos servizos sanitarios

Secretaría:

Persoa técnica da concellería competente na materia

Terceiro. *A Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero reunirse de xeito ordinario, cunha periodicidade semestral, convocándose cunha antelación mínima de 15 días naturais antes da xuntanza.*



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

A Mesa poderá reunirse de xeito extraordinario ou con carácter de urxencia sempre que a situación o requira, e bastará convocala con 24 horas de antelación.

Non obstante, o Pleno municipal, adoptará o acordo que considere máis convinte.

Bergondo 16 de novembro de 2018.

A Alcaldía. Alejandra Pérez Máquez”

A Sra. alcaldesa da unha explicación da importancia que ten a creación desta Mesa para o Concello de Bergondo; tamén define de forma sucinta as función que terá, sobre todo na coordinación dos profesionais na detección precoz de casos de violencia de xénero no ámbito local, así como o seguimento de casos de alto risco, entre outras.

O Sr. voceiro de Veciños de Bergondo pregunta polo custo que terá para o concello e porque o non se fai a nivel Consorcio das Mariñas; ao que a señora alcaldesa que a Mesa está deseñada para ámbitos mais locais, e que cada concello ten as súas características.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor; concelleiros non adscritos: Sr. Fariña Pedreira: un (1) voto a favor; Sr. Babío Veiga: un (1) voto a favor; e Sra. Sanjurjo Seijas: un (1) voto a favor. **Total trece (13) votos a favor.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos

5. ORZAMENTO MUNICIPAL EXERCICIO 2019. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 22 de novembro de 2018, que transcrita literalmente di:

“Formado por esta Alcaldía, o Orzamento municipal para o exercicio de 2019, ó que se lle une a documentación que preceptúa o art. 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e realizada a tramitación segundo o sinalado na lexislación vixente nesta materia (arts. 162 a 171 do citado texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e 18 a 20 do R.D. 500/1990 de 20 de abril) e visto o informe emitido pola Intervención, propónse a adopción do seguinte acordo:

- 1. Aprobar o límite máximo de gasto non financeiro que ascende a contía de 7.797.606,35 euros coherente coa estabilidade orzamentaria.*
- 2. Aprobar inicialmente o orzamento desta Entidade para o exercicio de 2019, sendo a contía fixada, tanto en GASTOS como en INGRESOS, un total de SETE MILLÓNS CENTO SETENTA E CATRO MIL CATROCENTOS TRINTA E SEIS CON TRINTA E OITO EUROS, asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:*

Capítulo	Denominación	Créditos iniciais (€)
1	Gastos de persoal	2.021.129,26
2	Gastos en bens correntes e servizos	3.221.035,72
3	Gastos financeiros	0,00
4	Transferencias correntes	252.871,40



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

6	<i>Inversións reais</i>	1.657.400,00
7	<i>Transferencias de capital</i>	0,00
8	<i>Activos financeiros</i>	22.000,00
9	<i>Pasivos financeiros</i>	0,00
TOTAL		7.174.436,38

Capítulo	Denominación	Previsións iniciais (€)
1	<i>Impostos directos</i>	2.460.175,12
2	<i>Impostos indirectos</i>	50.000,00
3	<i>Taxas e outros ingresos</i>	1.298.367,80
4	<i>Transferencias correntes</i>	2.289.483,29
5	<i>Ingresos patrimoniais</i>	42.596,07
7	<i>Transferencias de capital</i>	911.814,10
8	<i>Activos financeiros</i>	22.000,00
TOTAL		7.174.436,38

3. *Aprobar, igualmente, as bases de execución do devandito orzamento.*
4. *Aproba-la plantilla de persoal funcionario e laboral segundo consta no expediente.*
5. *Que se expoña ó público polo prazo de quinze días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no art. 169.1 da citada lei.*
6. *Que no suposto de non se presentaren reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no BOP, xunto coa plantilla de persoal, segundo dispoñen os artigos 127 do RDL 781/1986, de 18 de abril, e 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; noutro caso procederase de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.*
7. *Que de conformidade co número 4 do mesmo precepto legal, remítase copia do referido Orzamento á Administración do Estado, e á da Comunidade Autónoma.*

O Pleno decidirá o que estime máis conveniente.

*Bergondo, na data que figura na marxe
A alcaldesa. Asdo. Alejandra Pérez Máquez”*

A señor alcaldesa explica cada unha dos capítulos que integran o orzamento, e fai fincapé en que o incremento respecto a outros anos ten que ver cunha subvención de aproximadamente 800.000 euros, do *Instituto para la diversificación y ahorro de la energía* (IDAE) que se prevé para o ano 2019, que aínda non está outorgada oficialmente pero si se ten información positiva ao respecto. Tamén fai mención a alcaldesa ás propostas que se introduciron despois da participación veciñal no proxecto deste orzamento, e que son basicamente de seguridade vial, marquesiñas, berirarrúas.... Están recollidas, como todos os anos, as subvencións nominativas con diversas entidades sociais. Con respecto ao Capítulo de gastos de persoal, existe a advertencia de intervención con respecto ao persoal laboral contratado dende hai moito anos; pero tamén está recollida na Memoria de Alcaldía que este ano grazas a Lei de Orzamentos Xerais do Estado recollese unha flexibilización nas taxas de reposición de efectivos, e se permite unha Oferta de Emprego durante este ano.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

A señora Sanjurjo, concelleira non adscrita, manifesta, entre outras cousas, que non debería incluír no total unha subvención de tanto importe que aínda non está concedida. Respecto aos gastos que realmente se van destinar este ano a inversión é a mais baixa de todos os orzamentos recentes. Respecto aos gastos, a señora concelleira di que quitando esa subvención prevista de un millón de euros, a porcentaxe dedicada a gastos correntes e de persoal é mais dun 85% do presuposto.

O señor voceiro do Partido Popular, señor Lage, pregunta se as melloras que se necesitan neste concello, no sanemento, nos camiños, nos servizos sociais, están recollidas, a les parécelles que non é así.

O señor voceiro de Veciños de Bergondo, señor Fafián, di, entre outras cousas, que debería de terse en conta un mellor reparto entre as parroquias e que este ano hai menos cartos en inversión. Por outra parte, respecto ás propostas da participación veciñal deberían terse en conta algunha referida a novas instalacións para facer deporte.

O señor concelleiro non adscrito, señor Fariña, manifesta, entre outras cousas, que a todos lles gustaría, incluído o equipo de goberno, que as inversións fosen maiores pero hai que adaptarse; o importantes é aprobalos para que entren en vigor canto antes e poidan executarse esas inversións que se recollen neles.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) votos en contra; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos en contra; concelleiros non adscritos: Sr. Fariña Pedreira: un (1) voto a favor; Sr. Babío Veiga: un (1) voto a favor; e Sra. Sanjurjo Seijas: unha (1) abstención. **Total sete (7) votos a favor, cinco (5) en contra e unha (1) abstención.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por maioría de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos”

6. MODIFICACIÓN DA DATA DO PLENO ORDINARIO DO MES DE DECEMBRO DE 2018.

Dáse conta da proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente por unanimidade de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 22 de novembro de 2018, que transcrita literalmente di:

“Trala constitución da Corporación municipal, que tivo lugar na sesión plenaria do día 13 de xuño de 2015, o Pleno do Concello de Bergondo na sesión extraordinaria celebrada o 7 de xullo de 2015, procedeu a determinar, entre outros, o réxime das sesións ordinarias do Pleno Municipal, establecendo ao abeiro dos artigos 46.2 da LBRL, 47.1 do TRRL, 38 e 78 do ROF, e 210.2.a da LALGa, que: <<As sesións plenarias ordinarias terán unha periodicidade mensual, celebrando as sesións ás 20:30 horas do derradeiro xoves hábil de cada mes, agás no mes de agosto que non se realizará sesión e no mes de decembro, que adiantarase ao xoves anterior á semana dos festivos do Nadal. No caso de que a devandita data coincida con día festivo, celebrarase Pleno ordinario o inmediato día hábil anterior á data correspondente, á mesma hora.>>

Visto que a Circular sobre aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras servizos de competencia municipal, Plan único de concellos, POS+2019, publicadas no BOP núm. 188 do 02.10.2018, establecen como data límite de remisión da documentación de participación, vía telemática a través da plataforma Subtel, o día 20 de decembro ás 14:00 horas; atopándose os proxectos en redacción e previndo que non estean rematados para a súa aprobación no pleno ordinario de novembro, e vistos os espazos tan curtos de tempo para celebrar un pleno extraordinario entre os dous ordinarios.



Considerando que este ano o pleno ordinario do mes de decembro correspondería celebralo o xoves día 20.

Por medio da presente, propónse ao pleno do concello, previo ditame da comisión informativa, a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO. Cambiar a data do Pleno ordinario do mes de decembro de 2018, adiantandoo ao martes 18 de decembro, por mor da remisión da documentación de participación no POS+2019, e dar publicidade ao presente acordo na páxina web municipal.

A Corporación municipal decidirá o que crea mais conveniente.

*Bergondo, na data indicada na marxe
A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez”*

A señora alcaldesa, explica os motivos do adianto da data, que se recolle xa na proposta.

Trala correspondente deliberación, non producíndose intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: tres (3) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor; concelleiros non adscritos: Sr. Fariña Pedreira: un (1) voto a favor; Sr. Babío Veiga: un (1) voto a favor; e Sra. Sanjurjo Seijas: un (1) voto a favor. **Total trece (13) votos a favor.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos

7. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLA IGUALDADE E CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Dáse conta da proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente por unanimidade de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 18 de outubro de 2018, que transcrita literalmente di:

“25 DE NOVIEMBRE, DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

2018 é un ano para a esperanza, para moitas persoas e medios de comunicación o ano da muller, as marchas do 8 M supuxeron unha mostra esperanzadora de que algo está a transformarse, que se tomou un rumbo que xa non se pode variar, por fin! algo parece que está a cambiar no rol da muller na nosa sociedade.

As mortes por violencia machista seguen a ser a consecuencia máis lamentable e trágica do patriarcado imperante en todo o planeta, a visibilización máis horrenda do drama e do sufrimento que están a pasar millóns de mulleres de todo o mundo así como os seus fillos e fillas.

Hoxe recordamos non só ás 43 [45 no momento de aprobación desta declaración no Pleno] mulleres falecidas no que vai de ano en España, 3* delas en Galicia, senón as miles de mulleres que morren a diario vítimas da violencia machista e as miles de nenas e nenos que quedan sen as súas nais.*



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Un patriarcado que ten que caer, que non pode sosterse máis sobre as vidas, os dereitos, as esperanzas, os sonos, das mulleres deste planeta. Un mundo que ten que cambiar, un futuro no que temos que comprometernos toda a sociedade para sacalo adiante, especialmente a clase política, pero non só ela, senón toda a sociedade, homes e mulleres, coas súas accións diarias, co seu pensamento igualitario. A visión de que unha sociedade máis xusta non só é posible, senón que é necesaria e fundamental para unha mellor convivencia.

A desigualdade nas oportunidades, a vulneración de dereitos, as mal chamadas “tradicións”, as violacións e abusos sexuais, a falla de respecto, a pobreza económica, a invisibilización... son feitos concretos, próximos e tráxicos cos que se está a atacar a diario as mulleres na nosa sociedade.

Temos que poñerlle fin, é un camiño sen volta que se fixo visible este ano, todas e todos, como sociedade, temos un compromiso coas xeracións vindeiras que non pode romperse, estamos nun tempo de cambio, nun momento histórico do que somos protagonistas e hai que asumir esa responsabilidade, cada un coa parte que lle toca para facer un mundo máis igualitario e sen violencia, un mundo mellor, ese é o noso compromiso. Formade parte activa desta transformación e cambiade o mundo.

Portavoz do grupo municipal do PsdeG-PSOE. Portavoz do grupo municipal do PP. Portavoz do grupo municipal VB. Concelleira non adscrita sr. Sanjurjo Seijas. Concelleiro non adscrito sr. Fariña Pedreira. Concelleiro non adscrito sr. Babío Veiga

[*Dato oficial a data de 14/11/2018]

Todos os/as concelleiros/as manifestan, unanimemente, o seu total acordo co manifesto asinado.

8. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

A continuación pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións ditadas desde o 22 de outubro ao 23 de novembro de 2018, ámbolos dous incluídos, numerados do ao 1082/2018 ao 1202/2018. O Pleno queda enterado.

9. ASUNTOS URXENTES.

A Sra. alcaldesa, no cumprimento do disposto do artigo 46.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida no punto de Rogos e Preguntas.

Non se presentan.

10. ROGOS E PREGUNTAS



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

A continuación pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións para a os rogos e preguntas. En primeiro lugar contesta as presentadas por escrito no anterior pleno de 25 de outubro de 2018, que quedaron pendentes, e corresponden ao grupo de Veciños de Bergondo.

Os rogos e preguntas presentadas polo Grupo de Veciños de Bergondo a través da Sede Electrónica do Concello, o día 29 de novembro, ás 12:33 horas, núm. Entrada: 201890000001472, serán contestada no vindeiro pleno, segundo recolle o artigo 97 do ROF; foron as seguintes:

- 1.- *Están llevándose a cabo los procesos de selección de Policías Locales en al AGASP Academia Galega de Seguridad Pública. ¿Han solicitado y Bergondo forma parte para cubrir la plaza de Policía Local que está vacante?.*
- 2.- *Ha presentado algún proyecto en Sanidad para que la playa del Regueiro acceda al catálogo de playas aptas para el baño?*
- 3.- *¿Qué contratos o convenios vencen este año y qué contratos o convenios vencen el año 2019?*
- 4.- *¿Ha contratado algún trabajador más de la lista caducada del proceso de selección de personal administrativo?*
- 5.- *¿Ha contratado algún trabajador de la lista caducada del proceso de selección de personal de servicios sociales?.*
- 6.- *¿Cuándo va a convocar la Comisión especial de seguimiento del PXOM?*
- 7.- *¿Ha resuelto inicial algún expediente sancionador o algún expediente de infracción por el evento celebrado en el Pazo As Margaridas después de que el gerente le dijera personalmente que no iba a organizar ninguno más?*

Ningún grupo, nin concelleiro ou concelleira, presentaron mais rogos ou preguntas para esta sesión.

Esta acta foi gravada con video e audio. Consta no expediente do TEdC 2018/G010/000011 o video, que está dispoñible no seguinte enlace: <https://youtu.be/b03VNDpt8bE>. A pegada dixital desta gravación de video é a seguinte: A9FF720AE6C12A86C709384C577B8D0ADCE7D318B1C77E8E88C0D8182FB19F49.

A pegada dixital desta gravación de audio é a seguinte:

4339127109454e833C874BB9115EB28B72FDC6F7EEFCFAD78656ABDDAC1C3781

O algoritmo de pegada dixital é SHA-256 e o formato da pegada é a hexadecimal en ASCII (base 16). Pódese comprobar co arquivo e a ferramenta autofirma.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa-presidenta levanta a sesión, sendo as vinte e dúas horas do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da presidenta e da secretaria, que dá fe.

A secretaria
Ana M.^a Cacharrón Castelos

V. e pr. A alcaldesa
Alejandra Pérez Máquez